

**Noite Poética "A PIPA" 05
n DARÍO XOHÁN CABANA**

**Teatro: "HAI AUGA QUE ABURA"
de Darío Xohán Cabana.
Dirección Afonso Becerra.
Interpretación Laura Cuervo.**

**Cerimonia de Entrega de Premios do
14 CERTAME LITERARIO "A PIPA" 05/06
DA ALTA MONTAÑA LUGUESA**

01/09/1988: Edición do primeiro número da revista cultural "A PIPA" de Becerra, editada ata o número 27 do 1995. **Nadal 1988:** 1º Certame Literario "A PIPA" da Alta Montaña Lguesa, que segue a convocarse anualmente. **04/07/1991:** Escenificación da obra "O bufón d'El Rei" de Vicente Risco. **28/12/1995:** Conferencia a cargo de Xerardo Pardo de Vea. **Cermonia de Entrega de Premios do 4º Certame Literario "A PIPA" 95/96 da Alta Montaña Lguesa co tema "Somos diferentes - somos iguais",** con Xerardo Pardo de Vea e Ana Chao. **28/12/1996:** I Noite Poética "A PIPA" 96 con Uxío Novoneyra. **28/12/1997:** II Noite Poética "A PIPA" 97 con Manuel Marín. **26/07/1998:** III Noite Poética de Verán "A PIPA" 98 con Helena Villar Janeiro. **28/12/1998:** IV Noite Poética "A PIPA" 98 con María Xosé Queizán a forza do sangue" de María Xosé Queizán, dirección de Afonso Becerra, interpretado por Laura Cuervo e Afonso Becerra. **28/12/1999:** V Noite Poética "A PIPA" 99 con María do Carme Kruckenberg + Home-naxe a Uxío Novoneyra coa presenza de Elva Rei, Uxío e Branca + Petra Novoneyra Rei, Marica e Talleixa Campo, Pilar García Negro e Eva Llorens + espectáculo "Ameto mítico", dirección e dramatuxia de Afonso Becerra, interpretado por Laura Cuervo e Paola Beltr. **28/12/2000:** VI Noite Poética "A PIPA" 2000 con Chus Pato + espectáculo "As mosas Ás",

con textos de Chus Pato e William Shakespeare, dirección e dramaturxia de Afonso Becerra, interpretado por Laura Cuervo e Paola Beiro. [29/12/2000: VII Noite Poética "A PIPA" 2000 con María do Carme Kruckenbreg: "OBRA POÉTICA CASE COMPLETA". 28/12/2001: VIII Noite Poética "A PIPA" 2001 con María Campo e espectáculo "Habelas, hainas" con textos de María Campo, dirección e dramaturxia de Afonso Becerra, interpretado por Laura Cuervo e Paola Beiro. \[28/12/2002: IX Noite Poética "A PIPA" 2002 con Xesus Rábade Paredes. 29/12/2002: X Noite Poética "A PIPA" 2002 con María do Cebreiro e espectáculo "Ai, Himen, Himen!" con textos de María do Cebreiro e Álvaro Cunqueiro, dirección e dramaturxia de Afonso Becerra, interpretado por Laura Cuervo e Dani G. Salgado. \\[28/12/2003: XI Noite Poética "A PIPA" 2003 con Cristal Méndez Queizán e espectáculo "Cábrala-pricornio" de Cristal Méndez Queizán, dirixido por Afonso Becerra, interpretado por Laura Cuervo e Cristal Méndez. \\\[02/01/2005: XII Noite Poética "A PIPA" 2004-2005 con Bernardino Graña e Homensaxe a Manuel María con María Campo, María Xosé Queizán e Bernardino Graña e espectáculo "As aventuras e desventuras dunha espíña de toxo chamada Berenguela" de Manuel María, dirixido por Afonso Becerra, interpretado por Laura Cuervo, Cristal Méndez, Dani G. Salgado e Afonso Becerra.\\\]\\\(#\\\)\\]\\(#\\)\]\(#\)](#)

EQUIPO DE "A PIPA":
Marta de Simlán.
Alberto Becerra Arrojo.
Alicia Chao Penela.
Xavier Fernández Fernández.
Afonso Becerra Arrojo.
Xestión e coordinación de actividades:
Amparo Becerra Arrojo.
Colaboran nesta XIII Noite Poética:
Laura Cuervo.
Dario Xohán Cabana.

mp. «La voz de la Verdad» D.L. 10 420 - 2005



La Voz de Galicia - 24/11/05

XIII Noite Poética "A PIPA" 05 con DARÍO XOHÁN CABANA

Mércores, 28 de decembro de 2005, ás 22 h. no Hostal Herbón de Becerreá

Presentación e entrevista: Marta de Sinllán e Afonso Becerra

A PIPA volve a botar fume polo lume da verba que se inflama nas nosas Noites Poéticas. Nesta edición o poeta homenaxeado é Darío Xohán Cabana (Roás, Terra Chá, 1952), de quen Manuel María sospeitaba se non sería un "valuro", aquela caste de xente da Terra Chá, denantes da romanización, que posuían uns poderes misteriosos. Acaso a poesía sexa unha ferramenta de menciñeiro! O poeta é capaz de recoller en versos todo o misterio que nos envolve nesta vida fuxidía e nas outras pretéritas e futuras, nas soñadas incluso, o poeta é capaz de meter un mundo no poema sen que as esferas deixen de xirar, porén a súa poesía é clara e ofrécesenos doada nunha aparente sinxeleza que esconde o grande dominio técnico que, da lingua e da métrica, posúe o autor. Como todo poeta, Darío Xohán Cabana, é un músico que toca e tanxe a palabra, brindándonos tódolos elementos paralingüísticos que connotan e colaboran no sentido do texto, a materia fónica das súas composicións poéticas garda as tensións e as distensións necesarias para chegar con contundencia á recepción. A boa figura e o equilibrio da forma, a trabazón ben coidada do ritmo, fan de case tódolos seus poemas unhas pezas redondas e ben rematadas. Por iso a sinxeleza da súa produción poética é só aparencia, xa que tras dela hai todo un sistema arquitectónico de contrapesos e equilibrios moi ben calibrados. Cabana ofrécenos toda a complexidade da vida na sinxeleza dun poema, quizais neste senso, deixándonos levar polos tópicos, poidamos dicir que é un poeta do pobo para o pobo, como tamén o era seu amigo e veciño Manuel María. Non de balde, Ferrín viña a dicir, na homenaxe nacional a Manuel María que tivo lugar hai uns meses no Auditorio de Galicia, que Darío Xohán Cabana era o máis alto discípulo do poeta da Terra Chá.

A súa obra poética é moi extensa, desde *Verbas a un irmao* (1969), publicada cando só tiña 17 anos, ata *Vinte Cadernos* (Xerais, 2002), e por ela mereceu premios como os Cidade de Ourense (1982 e 1986), Celso Emilio Ferreiro (1983 e 1986) e Martín Códax (1994).

Pero, ademais, a súa mestría na arte poética faise patente na súa faceta como tradutor de obras de enxundia literaria e histórica que fundamentan os piares da cultura occidental, como é *A Divina Comedia* de Dante, ou a poesía de Petrarca, polas que recibiu en 1991 a Medalla de Ouro da cidade de Florencia. Froito deste labor é a *Antoloxía do Doce Estilo Novo* (Galaxia, 2004), ou a antoloxía de 160 poemas occitanos que está a preparar actualmente e que dá boa conta da súa querencia pola época da Idade Media que tantas novelas e contos lle ten inspirado.

Porque como novelista, Darío Xohán Cabana, aínda é máis coñecido e recoñecido, obtén o Premio Xerais de novela en dúas ocasións (1989 e 1994), *Galván en Saor* (Xerais, 1989) é un dos libros máis vendidos da literatura galega recente.

E agora está a piques de ingresar na Real Academia da Lingua Galega. Así que o escritor que aluma esta Noite Poética é poliédrico e xigantesco pero dunha medida humana feiticeira e achegada, un home do pobo para o pobo.

Afonso Becerra de Becerreá.

*"As palabras, ás veces, teñen alma
agromada da terra
A ialma das palabras
ten rexo latexar que sae do fondo,
do fondo corazón de cada cótaro,
de cada inxel partícula de po."*

(Do libro *HOME E TERRA* (1969), de Darío Xohán Cabana)



"HAI AUGA QUE ABURA" de Darío Xohán Cabana

Interpretación: Laura Cuervo

Dirección escénica: Afonso Becerra de Becerreá

Produción: A.C. "A PIPA" de Becerreá

**Estrea: 28 de decembro de 2005 ás 22 h.
na XIII Noite Poética "A PIPA".
Hostal Herbón de Becerreá.**

Por que seguimos lendo a lírica medieval? Que hai nas cantigas de amigo que nos seduce hoxe? Quizais a sinxeleza e a musicalidade encantadora coa que a protagonista, unha doncela, nos explica as súas emocións cara ao amigo. Fálannos de sentimentos limpos, o namoramento nos seus diversos estados de ánimo: a descarga química do frechazo, o galanteo, o ardor dos encontros, a dor e a tristura ante a ausencia do amado. Nas cantigas de amigo, ademais, os elementos da natureza cobran un valor especial, a auga é símbolo erótico do sexo e do desexo. "Es-ligar" ou morrer coa sede é de-vercer por estar co amado...

Igual que reinventa o celtismo nalgunha das súas novelas e poemas, Darío Xohán Cabana escribe no 1994 este bombonciño titulado "Cantigas da Lavandeira", en estilo neotrobadoresco, medievalo redivivo. E

nelas atopamos unha mestura de elementos líricos con aqueles doutros de carácter narrativo e dramático. Posto en escena o encanto vén dos ritmos inmanentes á oralidade da tradición trobadoresca, da musicalidade de recursos estilísticos como o paralelismo ou repetición expresiva que vai estruturando a cantiga, do ritmo dramático cíclico por modo de intercambio: monólogo – diálogo – narración – monólogo. Posto en escena o encanto vén dado polos movementos sensuais da actriz que son os da doncela da ficción, pola auga esvarándolle polas pernas deica ás nádegas, pola voz e os silencios nos que se debullan tódalas quenturas e tódolos anhelos. A actriz é a doncela que probou a auga que abura, a doncela somos todas e todos os que algunha vez a probamos ou estamos a probala... Tedes sede?

Afonso Becerra de Becerreá.

TEATRO